




MÚSICA

**Joana
Serrat**

NO CAFÉ TEATRO DE NARÓN

MONÓLOGO

**Avelino
González**

NA SEMANA DO HUMOR DE FENE

Exemplar gratuito

A nena e o grilo

ESTREA EN NARÓN



Óscar Avendaño

Músico reputado e membro de Siniestro Total durante dúas décadas, Óscar Avendaño amosa que hai vida alén dun grupo histórico. Canda a súa banda Bo Derek's prepara xa un novo disco pero a sorpresa está na súa estrea literaria, *Lo tengo en vinilo* (Neo Persons Sounds) éxito editorial no que sabe unir experiencia vital e paixón musical.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Pablo Vázquez Varela

Aí. Sorprendido polo éxito do teu debut na escrita?

OA. Moito, non son unha persoa coñecida como para figurar entre os libros de rock máis vendidos de Amazon. Déronse varias circunstancias e moita “chiripa”. Funcionou o boca a boca!

Aí. Como nace “Lo tengo en vinilo”?

OA. Comecei a escribir como entradas para un blog sobre os discos que marcaran a miña biografía como músico e persoa, pero o formato blog xa comezou a estar reseso, seguí co tema como un xeito de facer memoria sobre a música que foi a banda sonora da miña vida.

Aí. No libro falas de moitos discos pero tamén da túa biografía, da descuberta deses traballos e como influíron en ti ata hoxe.

OA. Foi como nunha magdalena de Proust! Decateime de que podía haber un fío e refíxen capítulos creando un índice como en “Alta fidelidad”, o coñecido libro de Nick Hornby, non por orde de publicación senón segundo ían chegando a miña colección.

Aí. Como foi esa selección de 90 discos onde hai de todos os estilos e épocas?

OA. Casual, porque hai discos que me marcaron como o primeiro dos Kinks que non figuran porque outro disco, o “L.A.M.F.” de Johnny Thunders xa falaba desa época da miña vida e cousas así. Tampouco figura Nick Lowe porque foi crescendo en importancia na miña vida pero igual pasa coa música negra, o soul ou o blues, quizais máis de cancións que de discos pero así están Chuck Berry, Little Richard, Otis Redding e tantos.

Aí. Lembras os teus primeiros vinilos?

OA. Eu fun un rapaz de taberna familiar, de aí me vén o gusto por coñecer a xente e as súas experiencias e nos meus primeiros recordos había un señor coxo e torto e unha prostituta maior que pasaba polo bar e me regalaban discos.

Aí. Tiveche modelos de literatura musical para o libro?

OA. Tiven un positivo e outro negativo. Do primeiro caso fascinoume “Cosas que los nietos deberían saber” de Mark Oliver Everett, o líder

dos Eels, un tipo brillante que fala con humildade da súa vida. No segundo caso o libro do batería dos Planetas, que é todo o contrario. En calquera caso a miña intención era facer unha viaxe emocional sobre as sensacións que te desperta a música e os discos, xa esteas divertido ou fodido. Todos temos vidas semellantes, coas nosas perdas, amizades, amores... e a música está aí, acompañándonos.

Aí. Entre os concertos e discos importantes citas un par deles en Ferrolterra, o Festival de Cedeira e o Felicia Pop en Limodre.

OA. No primeiro quixen ir ver a un músico que me fascinou, Vincent Von Reverb y sus vaqueros eléctricos en 2001, foi un momento intenso pero moi duro porque eu estaba a perder a meu pai e xúntanse emocións como a paixón e a tristeza. No caso do Felicia, en 2021 foi un concerto dos Lie Detectors que para min foi marabilloso, acababa a pandemia e a sensación de liberación e luz acompañándoos sobre o escenario foi absoluta logo de ter pasado por tanto medo e frustración.



Aí. Algo semellante falas do voso concerto final con Siniestro Total no Wizink Center de Madrid en 2022.

OA. Iso foi unha barbaridade, 40.000 persoas en dous días. Foi a tormenta perfecta: fóra mascarar, distancia social e fin da historia de Siniestro Total con Costas sobre o escenario rodeados de xente como nunca tiveramos. En calquera caso, tamén o digo no libro, dous días despois dos concertos de despedida xa estabamos na cola do paro.

Aí. Habería que poner máis en valor o talento de Siniestro Total.

OA. Aí está Julian Hernández, que por certo é o prologuista do libro, unindo as gañas de

“O LIBRO É UNHA ESPECIE DE MAGDALENA DE PROUST PERO CON FÍO DA MÚSICA”

carallada cunha cultura fonda que ten detrás.

Aí. Imaxinas a un adolescente de hoxe como ti nos 80 ne 90 vivindo uns descubrimentos musicais como os que ti viviches e dos que falas en “Lo tengo en vinilo”?

OA. Todo cambiou moito. Agora os rapaces teñen Spotify, Youtube... non os imaxino como eu indo a mercadinhos ou tendas de mobles ou electrodomésticos para coseguir discos. Pero si hai

adolescentes que lles encanta esta música. Dou uns cursos cada ano na Universidade de Vigo e sempre se apuntan rapaces moi novos con gañas de aprender. E xente con máis de 70 tamén.

Aí. Que proxectos tes?

OA. Haberá discos, un de Bo Derek´s xa é inminente, quizais un de Óscar Avendaño... e veremos se libros. Son esixente e se non o teño claro prefiro non arrepentirme no futuro!

PROGRAMACIÓN
2024

ven
pazo

NOVEMBRO

S **02** 09:00 A 19:30 HORAS

EVENTO BENÉFICO A FAVOR DE "CHAMORRO"
EQUIPO LAURA

REDEIRAS 2024

V **08** 20:30 HORAS

MÚSICA FOLK
OMBLIGO

INTRÉPIDO VIAJE A VELOCIDAD CERO

S **09** 20:00 HORAS

MÚSICA POP
DE VACAS

REBOVINA DIVAS LIVE

V **15** 20:30 HORAS

MÚSICA POP
JOANA SERRAT

BIG WAVE

S **16** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
FOCUS

LA GRAMÁTICA

D **17** 18:00 HORAS

INFANTIL
MAGÍN BLANCO E GHAZAFELHOS

A NENA E O GRILO CAMIÑO DAS CORES

S **23** 20:00 HORAS

TEATRO
REDRUM TEATRO

HAMELÍN

V **29** 21:00 HORAS

MÚSICA ROCK
TERTULIA PRODUCCIÓN

CONCERTO TRIBUTO A PINK FLOYD

S **30** 20:00 HORAS

DANZA TRADICIONAL
ALXIBEIRA

ALXIBEIRA, ASOCIACIÓN MUSICAL E DANZA TRADICIONAL QUEIROA



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

01 venres

18.30 H

O REI E AS MOSCAS

Festea (teatro infantil)

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)



AS MARIONETAS DA COMPAÑÍA PORTUGUESA HISTORIOSCOPIO NARRAN UN CONTO DE FADAS AO REVÉS. ESPECTÁCULO CON MÚSICA AO VIVO.

Un rei observaba cada día dende a xanela do seu castelo o seu fermoso reino. Per un día, tres intrépidas moscas entraron pola ventá. A partir dese momento todo cambiou. Nin o rei nin o reino foron nunca coma antes.

07 xoves


20.30 H

AGOSTO

Música

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)

3 €



AGOSTO É UNHA BANDA INDIE QUE ACABA DE GRAVAR O SEU PRIMEIRO LP, UN NARCISO ATROPELLADO.

Dous anos de xira por salas en toda España son a carta de presentación de Agosto, que acaban de lanzar e presentarán o seu primeiro LP *Un Narciso Atropeñado*, un traballo con apenas seis meses de vida.

01 venres

20.30 H

GO HOME

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

15/12 €



ESPECTÁCULO PROTAGONIZADO POR DAVID AMOR E JOSITO PORTO, QUE CONTA A HISTORIA DUN FANÁTICO DO TURISMO QUE VIVIU TODAS AS AVENTURAS IMAXINABLES. PERO UNHA VIAXE SORPRESA CAMBIARÁ O SEU DESTINO.

David é un fanático das viaxes. Ao longo da súa vida xa ten experimentado todo tipo de emocións a través do que lle foron ofrecendo as axencias turísticas. Pero agora enfrontase a unha última aventura, que comeza unha noite no Cebreiro e da que non coñece detalle ningún. Esta nova vivencia levará ao protagonista a superar todos os límites ao enfrontarse a situacións de inqueda nas que sentirá medo e dúbidas nun percorrido cargado de innumerables sorpresas. *Go Home* –unha comedia escrita por José Prieto, dirixida por Tito Asorey e producida por Etiqueta Negra– observa a realidade actual do turismo en Galicia, e a partir dela abre unha ventá á reflexión, pero tamén á diversión e á investigación escénica.

David Amor e Josito Porto asóciense nesta ocasión con grandes figuras da dramaturxia galega, non só Tito Asorey e José Prieto, senón tamén José Faro, Laura Iturralde, Patricia Ferreira e Xavier Porto.

08 venres

20.30 H

OMBLIGO

Música

CAFE TEATRO DO PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



FOLK PROGRESIVO, CHISCADELAS Á MÚSICA CLÁSICA E PAIXÓN GYPSY. ESTA BANDA MADRILEÑA TRANSMITE NOS SEUS CONCERTOS UNHA ALEGRÍA EXUBERANTE.

Lúdica e festiva, xovial, desbordante de enerxía. Así é a música de Omblogo, proxecto musical que parece mergullarse no universo dos Balcáns. A fusión é algo inherente no quefacer deste dúo de virtuosos, pois a ese folclore balcánico únense o bolero, o swing e toques de jazz contemporáneo. Influenciados por artistas como King Crimson, Renato Carosone e a música clásica, a súa música non ten límites.

08 venres

20.00 H

Á CAÍDA

Monólogo

CASA DA CULTURA (FENE)



ESPECTÁCULO ABERTO, ATREVIDO, ARRISCADO E ÚNICO, NO QUE TODO O QUE ACONTECE XORDE DA COLABORACIÓN DO PÚBLICO.

Á caída é unha obra interactiva e improvisada na que o público ten moito que dicir. Pero é tamén unha crítica aos que pensan que a comedia está en crise e que calquera pode subir a un escenario e facer rir á audiencia. Pepo Suevos desmonta estes estereotipos presentando un espectáculo sen guión establecido.



09 sábado

20.00 H

DEVACAS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



O CUARTETO GALEGO PRESENTA **REBOVINA DIVAS LIVE**, UN ESPECTÁCULO CO QUE HOMENAXEAN ÁS DIVAS DO POP: WHITNEY HOUSTON, CÉLINE DION, MÓNICA NARANJO, SHAKIRA OU BEYONCÉ.

Paula Romero, Inés Salvado e Faia Díaz, xunto ao guitarrista Guillerme Fernández, son DeVacas, un grupo que mantén neste espectáculo o compromiso co feminismo, o ecoloxismo e a poesía. Rebovina Divas Live, que conta cunha coidadísima escenografía, volve mostrar a ollada humorística e irreverente de DeVacas a través das súas letras. Musicalmente, a harmonía das voces conecta perfectamente cos sons da guitarra e deixa a pegada dunha banda que dá un paso máis nas versións de temas ben coñecidos para o público.

09 sábado

20.30 H

EL JOSE

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8,80 €



OS SONS ECLÉCTICOS DE EL JOSE VAN DENDE O ROCK Á RUMBA, PASANDO POLO JOROPO OU O TANGUILLO LATINOAMERICANO. PRESENTAN EN FERROL NOVAS CANCIÓNS QUE ENCHERÁN O SEU CUARTO DISCO.

El Jose é un proxecto musical que nace no emblemático barrio de Albaicín de Granada hai case dez anos. Neste tempo, o trío publicou tres discos e está a piques de lanzar o cuarto. Algúns dos seus temas incluídos en *Seguro de na*, lanzado en 2021, superaron varios millóns de reproducións convertendo á banda nun referente do panorama musical español.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo

15402 FERROL - A Coruña

Tels.: 981 074 644 - 698 179 453

e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

10 domingo 19.00 H

TANGO: HORA ZERO

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

12/10 €



HOMENAXE Á MÚSICA DE BOS AIRES, QUE MISTURA O TANGO DE ASTOR PIAZZOLLA COS ESTILOS DOS GRANDES FORXADORES DO XÉNERO.

O quinteto Nuestro Tiempo achega a Ferrol *Tango: Hora Zero*, un espectáculo co que mostran a esencia de Bos Aires a través das súas harmonías. Pero non abarcan só a música, senón tamén o estilo, a testemuña documental e a danza, interpretada maxistralmente polos bailaríns Ezequiel Herrera e Maria Antonieta Tuozzo. Este quinteto, creado en 2021, ten como obxectivo conmoer a través da música e revitalizar o tango aportándolle frescura, pero mantendo a esencia dos acordes de Astor Piazzolla. Neste repertorio inclúen tamén obras de Horacio Salgán, Agustín Bardi, Aníbal Troilo ou Pedro Maffia, entre outros.

15 venres 20.00 H

ENREDADA

Monólogo

CASA DA CULTURA (FENE)



LETI DA TABERNA FESTEXA O MES DO HUMOR DE FENE CO SEU PRIMEIRO MONÓLOGO, NO QUE EXPLORA EN TON IRÓNICO A NOSA RELACIÓN COAS REDES SOCIAIS E COMO NOS INFLÚEN NO NOSO DÍA A DÍA.

Enredada é un monólogo en galego e con perspectiva feminista, co que Leti da taberna enche o escenario de luz e enerxía, provocando que a espectadora se vexa identificada coas situacións que se presentan para que acabe rindo de si mesma.

Leticia Miraz comezou a subir contidos a TikTok hai algo máis de catro anos. Na actualidade acumula decenas de miles de seguidores nas redes sociais.

14 xoves 20.30 H

FARÁNDULA CASTIZA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €

A COMPAÑÍA FORMA ANTIQVA RECUPERA PEZAS PROCEDENTES DE TEATROS E RÚAS DO MADRID DO SÉCULO XVIII PARA REINTERPRETALAS CON ORIXINALIDADE E ATREVEMENTO.

O concerto *Farándula Castiza* é unha coidada selección de obras interpretadas por dous violíns, un violoncello, tiorba, guitarra barroca e clave, que recuperan o popular dunha forma travesa e festiva, pero de gran calidade musical e interpretativa.

15 venres 20.30 H

SARRA E CODISPOTI

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)



A SOPRANO ANNA MARÍA SARRA E O PIANISTA DOMENICO CODISPOTI INAUGURAN O CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL.

Obras de Puccini, Debussy, Mozart ou Strauss conforman o programa do recital lírico a cargo de Sarra e Codispoti, que inaugurará a nova edición do Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol.

15 venres 20.30 H

JOANA SERRAT

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



JOANA SERRAT É UNHA DAS ARTISTAS CATALÁS CON MAIOR PROXECCIÓN INTERNACIONAL. A SÚA MÚSICA SOA CÁLIDA, PRÓXIMA E UNIVERSAL, NA TRADICIÓN FOLK BRITÁNICA.

Big Wave é o sexto disco desta cantautora de Vic asentada en Londres, que avanza audazmente cunha forza renovada. Serrat mergúllanos con delicadeza nun mundo de paisaxes abertas e horizontes esperanzadores, con nostalgia pero sen tristeza. Seguindo o seu propio camiño e convertendo os pequenos detalles en aceno de identidade, a súa proposta crece paso a paso con calma e coa seguridade de que no traxecto atópanse as marabillas da vida.

MUSEO DO HUMOR

XAQUÍN MARÍN

FENE

08.II.24
PEPO SUEVOS

15.II.24
LETI DA TABERNA

22.II.24
AVELINO GONZALEZ

29.II.24
BRAIS DAS HORTAS

TODOS OS ESPECTÁCULOS COMEZARÁN ÁS 20 H.

REPARTO DE INVITACIÓNS (MÁXIMO 2/PESOA ADULTA) UNHA HORA ANTES DO COMEZO DA FUNCIÓN

17 domingo

18.00 H

A NENA E O GRILO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



ESTREA ABSOLUTA DE A NENA E O GRILO CAMIÑO DAS FLORES, A NOVA (E DERRADEIRA) ENTREGA DA EXITOSA SAGA DE MAGÍN BLANCO E GHAZAFELHOS.

O musical infantil *A nena e o grilo* chega á súa cuarta e derradeira entrega para pechar a saga teatral máis aclamada do panorama galego. Nesta ocasión as dúas personaxes principais prepáranse para vivir unha historia de aventuras coa que continuarán a descubrir o mundo, os seus segredos, e o seu propio mundo interior. *A nena e o grilo*, interpretados polos actores Montse Piñón e Pepablo Patinho –acompañados en escena de Jorge Casas e os músicos Pablo Vidal e Magín Blanco–, irán vivindo singulares aventuras nas que se achegarán ao mundo dende a perspectiva mesma das nenas e nenos, sinxela e xenerosa. É este un proxecto que xunta as cancións de Magín con grandes metáforas poéticas dos anxeios máis profundos do ser humano.

16 sábado

20.00 H

LA GRAMÁTICA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

18 €



PODE A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA XERAR MARXINACIÓN? PODE O USO DUNHA CORRECCIÓN SINTÁCTICA IMPECABLE RESULTAR OFENSIVO PARA ALGÚNS?

Ernesto Caballero escribe e dirixe esta comedia, con pinceladas de parábola distópica, sobre os límites da linguaxe e, por tanto, do noso mundo. Un retrato acedo da España actual, carne de telerrealidade, que destapa o empobrecemento da nosa lingua e dispara con exquisita puntería a algúns dos seus culpables.

16 sábado

20.30 H

UNA PEQUEÑA HISTORIA

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €

AOS 94 ANOS, HÉCTOR ALTERIO REPASA OS RECORDOS DE TODA A SÚA VIDA COA EMOCIÓN, A POESÍA E A MÚSICA COMO FÍO CONDUTOR.

Ángela Bacaicoa, a súa compañeira de vida, escribe e dirixe esta proposta teatral que narra as vivencias de Alterio entre Buenos Aires e Madrid, acompañado musicalmente por Juan Esteban Cuacci no piano. O actor chegou a España con corenta anos, en 1974, para presentar a película *La tregua* e xa nunca puido regresar á súa Arxentina natal.

20 mércores 20.30 H**TOSCA****Ópera**

TEATRO JOFRE (FERROL)

25 €



A COMPAÑÍA ÓPERA 2001 REPRESENTA A ÓPERA EN TRES ACTOS DE GIACOMO PUCCINI, BASEADA NA OBRA DE VICTORIEN SARDOU E CON LIBRETO DE LUIGI ILlica E GIUSEPPE GIACOSA.

Ambientada na Roma de 1800, Tosca narra a historia de amor entre o pintor Mario Cavaradossi e a súa amante, Floria Tosca, unha famosa cantante. Mentres pinta un cadro da Madonna nunha igrexa, Cavaradossi, amante de la celosa Tosca, axuda ao seu amigo e prisioneiro Angelotti na súa fuga. O xefe da policía, Scarpia, persigueo e dáse conta de que Cavaradossi está axudándoo. A única forma de lograr o seu obxectivo é utilizar á bela Tosca, branco das súas obsesións.

A ópera de Puccini esconde desexos, enganos e traizóns que se xuntan nunha Roma escura entre as relacións e os anhelos de cada un dos seus personaxes.

23 sábado

20.00 H

HAMELIN**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



REDRUM TEATRO PON EN ESCENA ESTA OBRA DE JUAN MAYORGA, UNHA VERSIÓN ÁSPERA DO CONTO POPULAR QUE FALA SUTILMENTE SOBRE A PEDERASTIA.

Hamelin é un drama para público adulto escrito por Juan Mayorga –Premio Nacional de Teatro e el Premio Max por esta obra– e dirixido por Álex Sampayo. É unha versión que se parece moito máis ao mundo actual, no que os nenos pagan os vicios dos maiores. O tema da pederastia abórdase dunha maneira moi sutil, os silencios dos personaxes encerran grandes verdades, evita unha linguaxe soez e opta por un espectador activo que imaxine máis aló do que se mostra en escena.

22 venres

20.00 H

ERAN ELAS**Monólogo**

CASA DA CULTURA (FENE)

AVELINO GONZÁLEZ RECAPACITA SOBRE O PAPEL DAS MULLERES ANTES DE QUE OS IRMÁNS GRIMM, PERRAULT, ANDERSEN OU WALT DISNEY DECIDIRAN DAR PROTAGONISMO AOS PRÍNCIPES AZUIS.

«Os príncipes azuis son un invento moderno –di o humorista Avelino González». E desta premisa parte un monólogo co que quere demostrar que, antes de todo aquilo, as mozas pelexaban con dragóns, as vellas salvaban aos novos, Isolda valíase sen Tristán..., «a vida era máis divertida, e ser home era máis descansado!».

29 **venres**

20.30 H

HYPNOTIK

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €



ACLAMADO INTERNACIONALMENTE POLA SÚA EXQUISITA MUSICALIDADE, ORIXINALIDADE, SENSIBILIDADE E CARISMA, DÚO CASSADO PRESENTA *HYPNOTIK*, UN DISCO CONCEPTUAL CON COMPOSICIÓNS QUE VAN DE BACH A PHILIP GLASS.

Damián Martínez Marco (chelo) e Marta Moll de Alba (pianista) forman Dúo Cassado, co que teñen realizado xiras por todo mundo. Co seu *Hypnotik* pretenden transportar ao espectador no tempo, trasladalo a outra dimensión, conectar co máis íntimo de cada un.

29 **venres**

20.00 H

CONTOS DE DEFUNTOS (E OUTROS ASUNTOS)

Monólogo

CASA DA CULTURA (FENE)

BRAIS DAS HORTAS PECHA O CICLO *NOVEMBRO. MES DO HUMOR* DE FENE NO QUE FALA DE CONTOS DE MORTOS QUE NON ESTÁN TAN MORTOS, DA SANTA COMPAÑA QUE NON ERA TAN SANTA, DE APARECIDOS, DE VISIÓNS...

As cousas que rodean a vida e a morte en Galicia centran o monólogo deste narrador, que leva máis de vinte anos sobre as táboas. Nunca está de máis falar un pouco do noso mundo, o dos vivos... e quen sabe se o dos mortos tamén, porque, «aínda que haxa luz eléctrica, nunca se sabe onde se che pode aparecer algo».

28 **xoves**

20.30 H

SEIS, LORCA EN GALICIA

Música

C.C. TORRENTE BALLESTER



O GALEGO FOI A ÚNICA LINGUA ALLEA A LORCA NA QUE O GRANADINO FIXO UNHA UNHA INCURSIÓN POÉTICA.

Neste espectáculo multidisciplinar, a poeta Lara Dopazo, a cineasta Adriana Páramo e o guitarrista Rafa Fernández levan os seis poemas galegos de Lorca aos territorios de vangarda, o spoken word, a videopoesía e o post-rock.

30 **sábado**

20.30 H

MOCEDADES

Música

AUDITORIO (FERROL)

27,50 €

Un dos grupos máis lonxeiros do panorama musical nacional presenta en Ferrol a súa xira *Avanzando hacia el futuro*, na que volverán a interpretar os temas que os fixeron famosos durante máis de cinco décadas.

A NOVA DIVA DO SOUL

Alecantha Lang

14
DECEMBRO
20:30 H

TEATRO
JOFRE

 Ataquilla

 **embora**
produções

FEROL 

ESTREA DESTACADA: 22 DE NOVIEMBRO



PREFIRO CONDENARME

Margarita Ledo

NOTAS DA DIRECTORA

Prefiro Condenarme parte dun xuízo por adulterio contra unha mariscadora da ría de Ferrol durante a ditadura, en 1972. O Tribunal eclesiástico de Compostela, que asume competencias civís, contra todo prognóstico absolve a Sagrario Ribela Fra. Ten 33 anos. Recompoñer as pezas desta historia lévanos a unha personaxe popular capaz de confrontar as regras que, tamén no terreo dos afectos, encérrana nun papel de subalterna. E anque xurde a violencia, o maltrato, a falta de dereitos á par ca unha atmosfera social opresiva, na realidade do que trata a película é do que todas e todas procuramos: querer e que te queiran. Desexo, desobediencia, clase socia definen a súa historia

de mil caras, atravesada pola ditadura e a transición. Con 16 anos, casa en 1955 e aos dous anos ten o primeiro fillo. Mais cando o marido se enrola na mariña mercante a vida dá un xiro e cada vez que regresa á casa, mentres

“Parte dun xuízo por adulterio contra unha mariscadora da ría de Ferrol durante a ditadura”

lle amosa fotos con outras mulleres en salóns de baile, desfruta repetíndolle “non vales para nada”. Aborrecida de preparar, noite tras noite, a roupa para que el saia a locais de alterne, en 1962 Sagrario marcha para Asturias ca idea de emigrar a Francia. Mais o marido aparece, instálase na casa, faille outro fillo e sobre ela pairan eses delitos

especificamente femininos, con penas de ata 6 anos de cárcere, chamados “abandono de fogar” ou “adulterio”. Espello dunha época en constante malestar, Sagrario comezara a sentir ese desasosego elemental, a atracción por alguén próximo, de quen se vai namorar. “Botarse un amigo? iso non é para nós, as pobres”, escoita. Pero o mesmo sacho co que recolle ameixa femia sérvelle para labrar a independencia das súas querenzas. Tal unha nova Antígona que se libera e renuncia á caverna, en que se opón á norma, ela está a reclamar a lei non escrita, o dereito a se separar. Principiando os oitenta, Sagrario vai ser unha das primeiras mulleres que se divorcie en Ferrol.

Margarita Ledo para Atalante
Estrea coa presenza da directora e o equipo do filme o venres 22 ás 19:30

Petís DUPLEX


CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.
CICLO GRATUITO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

DOM 3 E DOM 17

ROBOT DREAMS

Pablo Berger

2023 | ESPAÑA | 102' | TP



DOG é un can solitario que vive en Manhattan. Un día decide contruír un robot, un amigo. Fanse inseparables, pero unha noite de verán, Dog vese obrigado a abandonar a ROBOT na praia. Volveranse atopar?

Oscars 2023 (Candidata a mellor longametraxe de animación)

“Cun sorbo entre Tati e Chaplin que divirte e descorazona” ABC

DOM 10

KATAK, A PEQUENA BALEA

Christine Dallaire - Dupont, Nicola Lemay

2023 | FRANCIA | 82' | ESPAÑOL | TP



A balea beluga Katak aínda é pequena e gris. Para demostrar que medrou, emprende unha perigosa viaxe ao Gran Norte. Non fai falta ser grande para ser valente.

Xixón 2023 (Premio Enfants Terribles)

“Dirixida aos máis pequenos, unha aventura temperada e tranquila” The Guardian

DOM 24

ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS

Clyde Geronimi, Hamilton Luske, Wilfred Jackson

1951 | EUA | 75' | ESPAÑOL | TP



Historia de maxia e fantasía na que unha nena chamada Alicia se mergulla no sorprende País das Marabillas e coñece extraordinarios personaxes como o Sombreiro Tolo ou a Rainha de Corazóns.

Venecia 1951 (candidata a Mellor Filme)

“Colorida, divertida e surrealista” Empire

Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO. PASES ÚNICOS

MAR 12 ÁS 20:00

TIGER STRIPES

Amanda Nell Eu

2023 | MACEDONIA | 95' | MACEDONIO | +12



Zaffan, unha nena de 12 anos, loita contra a puberdade descubrindo un segredo aterrador sobre o seu corpo. Atacada pola súa comunidade, Zaffran decátase de que abrazar o seu verdadeiro eu é a resposta á liberdade.

Cannes 2023 (Gran premio - Semana da Crítica)

“Unha simpática metáfora nesta fábula rabiosamente pop” La Vanguardia

MAR 26 ÁS 20:00

HERE

Bas Devos

2023 | ESPAÑA | 84' | FRANCÉS | +7

Stefan, un obreiro da construción romanés que vive en Bruxelas, está a piques de regresar ao seu país. Cociña unha gran pota de sopa para repartila como agasallo de despedida entre amigos. Xusto cando está listo



para marchar, coñece a unha moza chinesa-belga que está a preparar un doutoramento sobre musgos. A súa atención cara ao case invisible deteno en seco.

Berlín 2023 (Mellor Filme Sección Encounters)

“Un drama belga poético, profundo e conmovedor” The Hollywood Reporter

31 OUTUBRO

ANORA
Sean Baker

2024 | EUA | 138' | INGLÉS | +16



Anora, unha moza prostituta de Brooklyn, ten a oportunidade de vivir unha historia de Cincenta cando coñece e impulsivamente casa co fillo dun oligarca ruso. Cando a nova chega a Rusia, o seu conto de fadas vese ameazado, xa que os pais parten cara Nova York para intentar conseguir a anulación do matrimonio.

Cannes 2024 (Palma de ouro Mellor Filme)

“Un filme indispensable e fascinante” Fotogramas

SALVE MARÍA
Mar Coll

2024 | ESPAÑA | 111' | CATALÁN | +16



María, unha escritora que acaba de ser nai, atópase coa noticia dun suceso estremecedor: unha muller francesa afogou os seus xemelgos de 10 meses na bañeira. María obsesiónase coa infanticida, por que os matou? A partir dese momento, a sombra do infanticidio vaina axexar como unha vertixinosa posibilidade.

SEMINCI 2024 (Mellor Actriz: Laura Weissmahr)

“Filme incómodo, pero ao mesmo tempo sensible e fascinante” Otros Cines

08 NOVEMBRO

MARCO
Jon Garaño, Aitor Arregi

2024 | ESPAÑA | 101' | ESPAÑOL | +12



Enric Marco foi capaz de manter unha mentira difícil de imaxinar: que fora prisioneiro nun campo de concentración nazi. Marco se converteu nunha figura admirada pola súa suposta valentía e sufrimento, ata que un historiador descobre que o seu relato é completamente falso.

Venecia 2024 (Sección Oficial Orizzonti)

“Un achegamento sorprendentemente entretido a unha tola historia real” Cineuropa

15 NOVEMBRO

O BAÑO DO DIAÑO
Severin Fiala, Veronika Franz

2024 | AUSTRIA | 121' | ALEMÁN | +12



Austria do século XVIII. No alto dun outeiro, unha muller foi executada e exposta á vista de todos tras matar a un bebé.

Agnes prepárase cándidamente para unha vida de esposa. Porén, a súa cabeza e corazón comezan a sentirse pesados, presa nun camiño turbio e solitario que a conduce a malos pensamentos.

Berlin 2024 (Oso de Prata)

“Unha visión fermosa e desoladora da depresión feminina” Variety

POLVO SERÁN
Carlos Marqués-Marcet

2024 | ESPAÑA | 106' | ESPAÑOL | +12

Tras ser diagnosticada cunha doenza terminal, Claudia decide marchar a Suíza, onde



poderá decidir como e cando terminar a súa vida. Flavio, que non se separou dela en máis de corenta anos, decide unirse a esta viaxe sen retorno.

SEMINCI 2024 (Espiga de Prata)

“Acada, a través da música e o baile, un nivel de intimidade inusual mesmo para o seu director.” Variety

22 NOVEMBRO

AS MARGARIDAS
Vera Chytilová

1966 | REPÚBLICA CHECA | 76' | CHECO | +12



Marie I e Marie II matan o seu aburrimiento nunha odisea cada vez máis desenfreada e surrealista de enchentes, destrución vertixinosa, e resistencia antipatriarcal na Checoslovaquia dos anos 60. Unha sátira rebelde que desafiou as normas da época, agora restaurado en 4K.

Cannes 2022 (Cannes Classics)

“É tan xenial, rara e divertida... unha declaración contra a violencia neste mundo” FilmWeek

29 OUTUBRO

BIRD
Andrea Arnold

2024 | REINO UNIDO | 119' | INGLÉS

Bailey, de 12 anos, vive co seu pai solteiro Bug e o seu irmán Hunter nunha casa ocupada do norte de Kent. Bug non ten moito tempo para os seus fillos e Bailey, que se achega á



puberdade, busca atención e aventuras pola súa conta.

Cannes 2024 (Sección Oficial)

“Arnold perfecciona a súa viaxe polas realidades marxinais, sabe como meterse na nosa pel”
Deadline

DUPLEX presenta...

PASES ÚNICOS

ESTREA COA PRESENZA DA DIRECTORA
E O EQUIPO DO FILME O VENRES 22 ÁS
19:30

PREFIRO CONDENARME
Margarita Ledo

2024 | ESPAÑA | 88' | GALEGO



O caso de real de Sagrario Ribela Fra, unha mariscadora da ría de Ferrol absolta en plena ditadura nun xuízo por adultera aos 33 anos. Foi a primeira muller en lograr o divorcio na cidade.

DUPLEX DÚO

PASE ÚNICO

XOV 21 ÁS 20:00

NACIÓN
Margarita Ledo

2021 | ESPAÑA | 92' | GALEGO



A fábrica galega de louza Pontesa pechou en 2001. Vinte anos despois, á espera de sentenza sobre a súa reclamación de débeda pendente, un grupo de traballadoras lembra o símbolo da súa liberdade individual, a súa emancipación económica e a súa loita sindical. Traballar sen cobrar? Iso nin falar.

Sevilla 2020 (Mellor Dirección de Filme Español)

“Un manifesto político que se mira no cinema de Chantal Akerman e Joaquim Jordà.”
Caimán

DUPLEX con...

APACA | PASE ÚNICO

LUN 18 ÁS 19:45

OS VALORES NO CAMIÑO
Raquel Freiría

2024 | ESPAÑA | 88' | GALEGO



Primeiro proxecto documental de APACA (Asociación Protectora Animais do Camiño), sobre a experiencia de facer o Camiño con dúas equipas de 'perregrinas'. Unha viaxe que nos introduce na maxia da peregrinación a Santiago á vez que nos convida a reflexionar sobre os valores da nosa sociedade e as súas contradicións, especialmente en canto ao trato que damos aos animais.

Coa presenza da directora

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com


Travesía Moreno 3, Ferrol
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO



De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinala o contrario.

Co financiamento de:



Facemos parte de:



BIOGRAFÍA

DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE INCLÁN

RAMÓN GÓMEZ DE LA SERNA | ALBERT EDITOR | 320 PÁX. | **15 €**

NO MES DE MARZO PASABA POLA ESCENA DO PAZO DA CULTURA DE NARÓN O ESPLÉNDIDO MONÓLOGO PROTAGONIZADA POR PEDRO CASABLANC SOBRE A FIGURA DE VALLE-INCLÁN.

A biografía que Gómez de la Serna fixera a propósito do escritor galego nace dun texto, adaptado por Xavier Albertí, que fora publicado por Gómez de la Serna en 1944 no seu exilio en Bos Aires. Este texto vén ser reeditado co gallo da estrea da obra teatral citada e inclúe un prólogo do propio Xavier Albertí. Recuperar esta biografía é fascinante en tanto supón todo un referente da relación entre biógrafo e biografiado, entre dous escritores irrepitíbles de seu e a devoción afervoadada que Gómez de la Serna tiña por Valle. Nun prólogo de 1959, incluído nesta edición, o escritor madrileño laiábase de que o libro fose só fonte de anécdotas para outros da extraordinaria vida de Valle-Inclán. E certamente anécdotas hai, pero que os árbores deixen ver o bosque. O que aparece é unha admiración rotunda sobre unha actitude vital dun escritor único, artisticamente á vangarda do seu tempo, entregado á causa da creación sen renderse ante as dificultades e incomprensións, cunha ética e unha estética nunca superadas na literatura española. Unha sorte recuperar este texto que é a introdución gorentosa á obra dun dos máis grande escritores do século XX.

INFANTIL

AS AVENTURAS DE PINOQUIO

GIANNI RODARI (TRAD. LEANDRO GARCÍA BUGARÍN | 80 PÁX. | **16,40 €**

Coincidindo co 50º cabodano da aparición da obra orixinal, publica a editorial Galaxia este divertido e luminoso texto de Gianni Rodari inspirado na historia de Carlo Collodi. O grande narrador e pedagogo italiano dálle unha volta ao texto clásico para converter en versos a prosa da obra orixinal. O seu contido segue as aventuras do neno de pau cos seus personaxes coñecidos pero cun toque máis pillabán axeitado para todo tipo de público. A presente edición conta coa tradución de Leandro García Bugarín e as ilustracións de Maruxa Caeiro.

ENSAIO

CASTELAO É NOSO

X. L. MÉNDEZ FERRÍN | ALVARELLOS EDITORA | 94 PÁX. | **13,90 €**

O presente volume é unha breve compilación dos ensaios que Xosé Luís Méndez Ferrín dedicou á figura política de Castelao dentro da súa coñecida serie de artigos “No Fondo dos Espellos” publicada no Faro de Vigo entre 2007 e 2020. Un total de trece textos aparecidos entre 2014 e 2019 que titulou como “Castelao é noso”, recollendo así un verso dun coñecido poema de Celso Emilio Ferreiro. A prosa combativa de Ferrín reivindica a figura do artista e pensador rianxeiro, demócrata, nacionalista e antifeixista, fronte quen a deturpou e se quixo apropiarlle dela.

DELICIAS SONORAS

**GARZA VERTENTES**

Segundo disco de longa duración do proxecto coñecido como Garza detrás do que se agocha o talento de Adrián Charlín. Batería de varias bandas galegas no seu momento, Charlín apostou por elaborar un discurso musical protagonizado pola electrónica. O seu debut hai un par de anos veu da man de “Interferencias”, aínda que antes xa publicara o EP “Alborada”, e como nos casos anteriores agora regresa da man do selo ferrolán Ferror Records. A música de Garza aposta por densas escenas electrónicas como banda sonora dun paseo por paisaxes polares. Unha ducia de pezas que contan coa propia voz de Charlín, compostas en galego con letras dun lirismo moi intimista, sintética e minimalista como haikus e pegadas a un estado de ánimo que encaixa á perfección coas melodías aquí imaxinadas. Cortes seriados como “Na franxa” que abre o disco, a etérea “Lévame”, “Agora”, a intensidade de “Inmersa” ou os efluvios inzados de fantasía de “Corpos de Lewy” apostan por unha poética e sensibilidade a contracorrente. Velaí un valor hoxe no noso previsible panorama musical.

**PAUL HEATON THE MIGHTY SEVERAL**

Regresa Paul Heaton, líder luminoso de bandas como The Housemartins ou Beautiful South. Despois de cinco discos en solitario coa súa compañeira Jacqui Abbott este novo traballo conta coa produción de Ian Broudie (Lightning Seeds) e inclúe a novos compañeiros como Danny Muldoon, a quen Heaton coñeceu nun pub imitando a Shane McGowan. Cambios para que nada cambie xa que “The mighty several” conta con elementos que fan admirable a este artista. A súa ducia de temas recollen o son agri doce dunha Inglaterra que desaparece, un picnic musical cheo de encantadora ironía. Temas arrebatadores con arrecendo clásico cun toque de soul como o que abre “National treasure” ou a ledicia de escoitar “Quicksand”, “H into hurt” ou o country acelerado de “Just another family”. Un disco variado cos elementos que fan recoñecible a traxectoria de Heaton, cun nivel que permite que o sigamos admirando tanto. Iso e o de limitar o prezo das entradas aos seus concertos a 35 libras, bastante menos do que se pode pagar por ver Oasis ou xente así. Se un ten cartos.

**DOCUMENTAIS: REVELANDO A MARIO**

Entre os documentais sobre música máis interesantes que poden verse nas plataformas actuais “Revelando a Mario” ocupa un lugar destacado. A película de Simón Mateu producida por Movistar + -pode verse tamén en Filmin-, percorre a sorprendente obra de Mario Pacheco (1950-2010). Fotógrafo e produtor musical, foi unha figura insólita na música española dos anos 80 e 90. Fundador canda a a súa dona Cucha Salazar do selo Nuevos Medios descubriu ou impulsou as carreiras de grandes nomes da renovación do flamenco como Ray Heredia, Pata Negra, Martirio ou Ketama, así como de bandas como Golpes Bajos ou La Mode e fichou para o seu catálogo discográfico a grupos clave como Joy Division, New Order ou The Smiths. Polo documental desfilan testemuñas de Diego Manrique, Sisa, Pau Riba, Marcos Gendre, El Zurdo, Ricardo Pachón os Carmona, Martirio, Tomatito ou Teo Cardalda así como Joe Boyd, produtor de Nick Drake e os Pink Floyd de Syd Barrett que di que Pacheco era o tipo que máis sabía de música que el coñecera. Un documental fascinante sobre un tipo visionario.

Pintura, escultura e fotografía

MANUEL PATINHA

ATA O 30/12/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO.



O coñecemento da figura de Manuel Patinha ven dado, sen dúbida pola súa faceta escultórica. Sen embargo, é imposible desligar esta do resto da súa produción artística; pintura, debuxo, gravado e poesía. Este é o obxectivo da exposición: lembrar nalgúns casos, dar a coñecer noutros, a súa obra pictórica, a gráfica e a menos coñecida de todas, a fotográfica, a través de cinco das salas do centro.

Pintura

SAF: 41 SALÓN DE MULLERES NA PINTURA

DO 07 AO 18/11/24

SALA CURUXEIRAS DA AUTORIDADE PORTUARIA (FERROL)

DE LUNS A VENRES: DE 18.00 A 20.00 HORAS. SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS: DE 12.00 A 14.00 HORAS.

Pintura

IRENE VILLALVA: IDENTIDADES

DENDE O 8/11/24

GALERÍA SARA O (FERROL)

DE LUNS A XOVES: DE 10.00 A 18.00 HORAS. VENRES: DE 10.00 A 20.00 HORAS. SÁBADOS: DE 10.00 A 14.00 HORAS. DOMINGOS PECHADO



Irene Villalva presenta obras inédita, na liña que xa está a marcar o seu estilo persoal. Mesturando retrato con cartografía antiga, Irene declara que “somos a mestura de momentos, persoas e lugares que se cruzaron o noso camiño, permanentes e tanxibles só na memoria”. Identidades convida a reflexionar sobre que é o que vemos dunha persoa e que é o que hai detrás, “a importancia de coñecer antes do xuízo” e pretende que o espectador reflexione sobre o que ve e desde onde o ve: “soamente completo se sabe atopar o punto exacto desde o que mirar”. Con estas obras que se valen do plano para crear tridimensionalidade, expón a relación entre a identidade dunha persoa e un mapa.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

7 - 18 NOVIEMBRE

 SALA CURUXEIRAS

 LUNES A VIERNES DE 18.00 A 20.00 H

 SÁBADOS, DOMINGOS Y FESTIVOS DE 12.00 A 14.00 H

EXPOSICIÓN DE PINTURA - 41º SALÓN DE LA MUJER EN LA PINTURA

13 NOVIEMBRE

 SALA CURUXEIRAS

 09.00 A 12.00 H

FORO VISIÓN EMPRESARIAL (AJE FERROLTERRA)

 **Ferrol
Puerto**

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao



NOVEMBRO

01venres

INFANTIL - FESTEIA

18.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

O REI E AS MOSCAS

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DAVID AMOR E JOSITO PORTO: GO HOME



MÚSICA

00.30 h Sala La Room. Ferrol.

LA ROOM ELECTRÓNICA: PABLO FABRIS, DANIELO E OCCY

02sábado

EVENTO BENÉFICO

09.00 h Pazo da Cultura. Narón.

REDEIRAS



INFANTIL - FESTEIA

18.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

FLOR DE GREGUERÍAS

03domingo

INFANTIL - FESTEIA

18.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

ANIMAIS



TEATRO

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

THE WITCH. UN ESPECTÁCULO RITUAL

07xoves

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

TOLDOS VERDES / AGOSTO

08venres

MONÓLOGO

20.00 h Casa da Cultura. Fene.

PEPO SUEVOS

MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

OMBLIGO



09sábado

MÚSICA

19.00 h AVV de Doniños. Ferrol.

CONCERTO TEMPO

MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

DEVACAS

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

EL JOSE

MÚSICA

23.30 h Sala Guión. Pontedeume.

LA CASA DE LOS INGLESES



10domingo

TEATRO

19.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

TERCEIRO ACTO



MÚSICA E DANZA

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

TANGO: HORA CERO

14xoves

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

FORMA ANTIQVA: FARÁNDULA CASTIZA

CINE

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

EL SUREÑO

15venres

MONÓLOGO

20.00 h Casa da Cultura. Fene.

LETI DA TABERNA

CONCURSO DE PIANO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

RECITAL LÍRICO: ANNA MARÍA SARRA E DOMENICO CODISPOTI



MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

JOANA SERRAT

16sábado

INFANTIL

13.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

OS BOLECHAS TOCAN NUNHA GRANDE ORQUESTRA



INFANTIL - FESTEIA

18.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

TRAPOS

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

LA GRAMÁTICA**TEATRO**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

HÉCTOR ALTERIO: UNA PEQUEÑA HISTORIA**17domingo****INFANTIL - FESTEIA**

12.30 h Centro Cultural
Torrente Ballester. Ferrol.

PASOS LONGOS**INFANTIL**

18.00 h Auditorio Municipal.
Narón.

**A NENA E O GRILO
CAMIÑO DAS FLORES****20mércores****ÓPERA**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

TOSCA**22venres****MONÓLOGO**

20.00 h Casa da Cultura. Fene.

AVELINO GONZÁLEZ**23sábado****MÚSICA**

14.00 h Sala Guión.
Ponte deume.

QUITAR O AIRE**MÚSICA**

19.00 h Igrexa de S. Domingo
(Praza de Ultramar). Ferrol.

CONCERTO TEMPO**INFANTIL**

19.30 h Sociedade Amigos
da Paisaxe Galega, O Seixo,
Mugardos.

**OS BOLECHAS TOCAN
NUNHA GRANDE
ORQUESTRA****TEATRO**

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

HAMELIN**TEATRO**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**MOCHO BORRAJO: SE
ACABO****MÚSICA**

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

**ANDHREA & THE BLACK
CATS****28xoves****MÚSICA**

20.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

SEIS. LORCA EN GALICIA**29venres****MONÓLOGO**

20.00 h Casa da Cultura. Fene.

BRAIS DAS HORTAS**MÚSICA**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**DÚO CASSADÓ:
HYPNOTIK****MÚSICA**

21.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

TRIBUTU A PINK FLOYD**30sábado****MÚSICA E DANZA**

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

ALXIBEIRA**MÚSICA**

20.30 h Auditorio. Ferrol.

MOCEDADES

**Nº 197
ANO XVII**

EDITA:

ee | edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓ E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios
e o lugar de celebración dos actos facilítana
directamente os organizadores dos mesmos.

Edicións Embora declina calquera responsabilidade
pola suspensión ou modificación de calquera tipo
dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

